

Á MESA DO PARLAMENTO:

O **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda**, a iniciativa do deputado e portavoz suplente **Antón Sánchez García**, abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O aumento dos prezos da electricidade, a cada vez maior madurez das enerxías renovábeis e o gran potencial de Galiza para a produción eléctrica descentralizada, limpa e baseada no autoconsumo, fan máis necesario que nunca dar pasos cara o cambio de modelo enerxético.

Fronte ao oligopolio actual, consentido polos gobernos español e galego a solución para a cidadanía é a democratización da enerxía.

Galiza ten unhas enormes posibilidades para crear nos próximos anos un novo modelo enerxético que supoña a liberación dos galegos e galegas dos abusos das grandes empresas eléctricas, o descenso dos prezos, que esté baseado na produción de enerxía limpa e a partir do cal se cre emprego.

Ésta mudanza no modelo suporá tamén unha axuda para o rural e o sector primario, que soporta elevadísimos prezos da electricidade que lastran a súa viabilidade, cando con políticas diferentes a produción eléctrica sería unha solución de futuro.

É necesario pois dar pasos neste camiño, e unha das cuestións chave é facilitar a instalación de pequenas instalacións de produción dentro do réxime ordinario, cumprindo coa directiva europea D 2009/72CE, de enerxías renovábeis, que establece unha serie de prioridades:

- a) Priorización das enerxías renovables fronte ás non-renovables.

- b) Liberdade de mercado, libre establecemento para produtores.
- c) Condicionalidade dos mecanismos distorsionadores do libre mercado (primas ou axudas) á previa ineficacia do mercado libre para alcanzar os obxectivos propostos.
- d) Prioridade das plantas de produción de pequeno tamaño e de "xeración distribuída".
- e) Acceso universal ás redes de distribución e transporte.
- f) Transparencia nos procesos de asignación de axudas (primas licenzas...)

En resumo podemos dicir que o modelo europeo é doadamente visible en países como Alemaña ou Dinamarca, os cales se diferencian de Galiza nos seguintes aspectos:

- a) Presenza masiva de paneis solares nos tellados de naves industriais e vivendas.
- b) Presenza de aeroxeradores pequenos nas granxas e fábricas.
- c) Eliminación da enerxía nuclear.
- d) Preferencia de subministración por moitos e pequenos produtores en lugar duns poucos e grandes. Preferencia pola "xeración distribuída".
- e) Doado acceso á tramitación das pequenas instalacións, incluíndo o acceso a rede.

En Galiza e no Estado español existen numerosos obstáculos lexislativos para que isto sexa unha realidade.

En Galiza non se permiten pequenas instalacións eólicas fora do concurso eólico, aínda que non opten a cobrar primas o que é unha aberración, e que contradí a directiva que dí que so se recurrirá ás primas si o réxime ordinario non é suficiente para acadar o obxectivo de potenciar as enerxías renováveis.

Non existe separación real entre produción, distribución e comercialización, cuestión contraria tamén á directiva europea e que dificulta, xunto cos altos peaxes de acceso, a conexión de pequenos produtores á rede.

A directiva europea D2009/72CE esixe un procedemento propio para os pequenos produtores, pero a normativa española e galega incúmpteno.

Non interesa que unha serie de pequenos produtores instalen paneis nos tellados das súas casas, prefírese que estas persoas compren a enerxía a unha multinacional e para iso unha sinxela fórmula consiste en sometelos aos mesmos procedementos que a unha gran planta de produción, para maior escarnio, mentres ao directivo da grande empresa se lle abren os despachos, ao pequeno cidadán aplícaselle a lexislación "a regulamento", esta situación contrasta co establecido no apartado 31 da declaración de intencións da D2009/72CE:

(31) Os procedementos de autorización non deben dar lugar a unha carga administrativa desproporcionada en relación co tamaño e as posibles repercusións nos produtores de electricidade. Os procedementos de autorización excesivamente longos poden constituír un obstáculo para o acceso de novos axentes ao mercado.

Por todo isto Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:

1.- Potenciar as enerxías renovábeis, a eficiencia enerxética, para conquistar un modelo enerxético descentralizado, baseado na pequena produción e no autoconsumo.

2.- Esixir ao Estado español que modifique o actual marco normativo co obxectivo de fomento das enerxías renovables, a produción perto do lugar de consumo e o autoconsumo, así como a territorialización da tarifa eléctrica, e no que se inclúa :

a) A cuantificación dos tributos autonómicos no cálculo da retribución específica das enerxías renovables.

b) A realización dunha auditoría independente do custe real da produción, distribución e comercialización da enerxía eléctrica, que cuantifique rigorosamente o déficit tarifario, e que determine o custe real proporcional para os casos de produción-consumo baseados no balance neto.

- c) Mantemento do sistema actual de referenciación para a rendabilidade mínima garantida.
- d) Territorialización da tarifa eléctrica, aplicando aos termos de potencia e consumo un factor corrector en función do balance neto das distintas Comunidades Autónomas.

3.- Que esixa ao Estado español, en aplicación ao disposto na directiva europea D2009/72CE, a plena e efectiva separación das actividades de produción, distribución e comercialización, exercendo si procede a enaxenación directa ou o fraccionamento das empresas potestade contemplada na directiva.

4.- Establecer un procedemento de tramitación simplificada de autorizacións para produtores de pequena potencia dacordo ao disposto no artigo 7.3 da D2009/72CE,aplicable especialmente ao autoconsumo e xeneración distribuida.

5.- Revisar de xeito urxente o cumprimento dos plans industriais asociados á concesión de potencia no concurso eólico, e á anulación das concesións nos casos que se demostren os incumprimentos.

6.- Que esixa ao goberno español a que no novo borrador de RD referente a autoconsumo anule a peaxe de respaldo, e prevexa o mecanismo de compensación diferida no tempo (balance neto ou saldos instantáneos) entre produción e consumo o que beneficia a eficiencia enerxética.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2015.

Asdo.: Antón Sánchez García
Deputado e Portavoz S. do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Anton Sánchez García na data 26/01/2015 10:43:45